

---

## João da Nova (Xoan de Nóvoa)

FRANCISCO CARBALLO

**O** 21 de maio hai festa de descubrimento en Sta. Helena. Festa grande nista illa de posesión británica. Fora descuberto este paradisíaco enclave oceánico por João de Nova á volta da súa primeira viaxe á India, 1502.

João de Nova é un dos exemplos da perda de memoria de nós os galegos, sendo un dos catro máis importantes navegantes das “descobertas” lusas do XV-XVI: Vasco da Gama, Cabral, João de Nova e Ameida.

Dirixiu a III expedición descubridora no 1501. Os froitos foron considerabeis. Navega costeando África: nos días 13-15 de maio, 1501, descobre a illa de Ascensión. Dobra o Cabo de Boa Esperanza e arriba á “João de Nova Island” no noroeste de Madagascar. Tivo o honor de fixar un “padrão” como primeiro europeo na illa de Ceilán. Recorreu a Malabar, cargou gaños en abundancia e voltou a Lisboa e nes volta descubriu Sta. Helena.

Participou nunha segunda viaxe e permaneceu na India. Foi decisiva a súa acción na batalla de Diu, 1509, que deu a Portugal unha efémera hexemonía no Índico. Faleceu na India, 1509 ou 1510.

Datos estes que non constan nin nas historias hispanas, nin sequera nas de Galiza. Pero máis: Xoán de Novoa era da familia dos Novoa de Maceda (Ourense); un dos numerosos nobres que abandonaron Galiza ante a conquista dos Reis Católicos. No 1480 está xa camiño de Lisboa como João de Nova. É alcaide da fortaleza; xoga un papel político co “Príncipe perfecto” João II, e con don Manuel.

Focar o momento histórico da invasión dos Reis Católicos, da fuxida de nobres a Portugal uns, outros á conquista de Granada, é resgatar un capítulo necesario para comprender o pasado aínda presente na devaluación de tantos aspectos da Galiza. Un historiador novo, experto, compenetrado coa memoria do país e da súa vila natal, Santiago Prol, elaborou unha biografía orixinal en todos os aspectos; unha biografía de Xoan de Nóvoa: fascinio das navegacións, sorpresa do descoñecido, ilusión dos protagonistas, deseños de naus e caravelas, unha novidade historiográfica a sair do prelo en seguida. ♦

---